

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

Un cacho de pan

Eu non digo que si nin que non, pero algo ten que haber, e xa sei que para os descridos todas estas cousas non son máis ca patoiadas. Antigamente, cando se saía da casa de noite cun neno sempre se lle poñía ó pescozo ou na roupa algunha cousa boa, unha imaxe, un escapulario; ben non lle faría pero mal tampouco. Para que non o asombrasen ou non o aollasen persoas ou animais, envolvíase o neno nunha manta, atábase á pa e metíase e sacábase nove veces seguidas do forno. E logo pasaría o que tivese que pasar, pero a mai levábao canda ela máis despreocupada.

Unha vez foi unha muller cun neno de pouco tempo ver a súa mai. Pasou a tarde cabo dela e cando quixo regresar para a súa casa xa se fixera de noite. Antes de saír, a mai insistiulle para que metese un cacho de pan no vurullo de envolver o neno pero a filla negouse. Non e non, que ela, dixo, non cría nesas supersticións.

De todas todas a vella amañouse para meter, sen que a súa filla se decatase, un cacho de pan entre a manta do neno. E a muller colleu o seu neno no colo e púxose ó camiño. A noite pecha, todo caladiño, ata que ó pasar por unha corredeira se lle pon diante unha aparición, unha cousa, algo que non era deste mundo, e que lle ordeou:

—¡Dáme un cacho de pan!

A pobre muller, véndose perdida, conseguiu dicirlle que non o tiña. A aparición entón, cun sorriso de satisfacción, esixiulle:

—¡Pois tes que dar-me o neno!

A sorte, o sino, quen sabe quen decide que pase o que teña que pasar, fixo que por entre as roupas do neno asomase o cacho de pan que a avoa escondera ás agachadas. E a aparición tivo que irse co cacho de paz e déixalos en paz.

Din que desde entón é costume levar sempre un cacho de pan entre as roupas dos nenos cando se sacan da casa polas noites.

[Texto reproducido de (Miranda e Reigosa, 2004). Lemos esta historia nun libriño que se titula *Contiños de lareira*, recollidos en Carral A Coruña). Non consta ano nin editor; supoñemos que é un traballo escolar feito con moito agarimo e respecto pola nosa cultura popular].

BIBLIOGRAFÍA

Miranda, Xose e Antonio Reigosa: *Arrepíos e outros medos*, nº 63, Edicions Xerais de Galicia, Vigo, 2004.